

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

Latín é materia de opción do bloque de materias troncais do currículo de 4ºESO. Ten como principal finalidade introducir ao alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O ensino do latín achega ao alumnado o coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais da nosa civilización. O estudo da morfosintaxe latina e do seu léxico ten un alto valor formativo porque ademais de adentrar ao alumnado nunha nova gramática serve de apoio indiscutible para o coñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e asenta una sólida base para unha futura formación humanística.

A lectura e tradución de textos sinxelos e adaptados ao nivel do alumno supón un importante exercicio de análise e síntese, sen dúbida beneficioso no seu desenvolvemento intelectual.

Neste curso faise un achegamento elemental á gramática latina, das construcións sintácticas máis frecuentes e á civilización romana, facilitándose o coñecemento dos seus autores e textos. Perséguese un dobre obxectivo; por unha parte esta materia debe ser o primeiro ano daquel alumnado que continúe o bacharelato polo itinerario de humanidades e, por outra, fiquese coma un achegamento xeral ao latín e á súa cultura

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos: a descrición do seu marco xeográfico, o estudo dos principais fitos históricos, análise das súas estruturas socio-políticas, dos costumes, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión. O estudo da materia organízase en bloques que se refiren tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances; o indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. A continuación preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances.

Os dous bloques seguintes tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

O último bloque refírese ao legado e patrimonio que a civilización latina deixou nas sociedades actuais en forma de monumentos, manifestacións artísticas e de aspectos propios da organización política e social, a vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Roma, cidade eterna	Nesta unidade falaremos da orixe do latín, do alfabeto latino e a acentuación. Situaremos na antiga Italia as diferentes rexións e introduciremos os conceptos de caso e declinación, a partir da primeira declinación. Por último, estudaremos as distintas conxugacións verbais.	15	20	X		
2	A historia de Roma	Veremos as tres etapas da historia de Roma: monarquía, república e imperio e os acontecementos máis importantes desas épocas. Os números romanos, a vivenda e a gastronomía completan o tema. No apartado lingüístico, a formación do léxico nas distintas linguas romances: patrimoniais, cultas e dobretes; o presente dos verbos e o auxiliar SUM. Rematamos a unidade introducíndonos na segunda declinación e os mecanismos de análise e tradución.	15	20	X		
3	Hispania, unha provincia romana	Hispania e o proceso de romanización. Que son os latinismos e a súa presenza na actualidade, tamén na publicidade. Afondaremos na segunda declinación neutra e nos adxectivos de tres terminacións. Na conxugación verbal é o momento de estudar o pretérito imperfecto e o futuro imperfecto de indicativo. Continuamos coa análise e tradución de oracións e textos breves.	18	18		X	
4	Mitos para entender o mundo	Iniciamos a unidade coa relixión en Roma. Deuses e mitos na antigüidade e fonte de inspiración nas épocas posteriores. As preposicións de acusativo e ablativo en latín e a concertación do substantivo e o adxectivo. A formación de palabras e os principais prefixos e sufixos latinos. Análise e tradución de oracións e textos breves.	17	16		X	
5	A sociedade romana	Unidade dedicada a como se estrutura a sociedade e as distintas clases sociais. Tamén outras cuestións como: o cómputo do tempo, a familia e a educación. A 3ª declinación consonante, os temas en -i e o pretérito perfecto en latín. Análise e tradución de oracións e textos breves máis complexos	18	16			X
6	Os romanos, grandes enxeñeiros	Principais monumentos de enxeñaría romana e vestixios na actualidade. O ocio e a relixión en Roma.	17	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Os romanos, grandes enxeñeiros	Na lingua afondamos na 3ª declinación e será a quenda dos substantivos neutros e os adxectivos de unha, dúas e tres terminacións. Introducción á 4ª e 5ª declinación. Análise e tradución de oracións e textos breves máis complexos.	17	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Roma, cidade eterna	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Coñecer os períodos en que tivo lugar a fundación de Roma e sitúa xeograficamente os pobos da península itálica que a habitaban anteriormente.	PE	80
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Comprender de maneira xeral a orixe lendaria da fundación de Roma e os seus personaxes míticos.		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Identificar e situar as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Identificar vocabulario latino no galego e castelán, descompoñendo os seus formantes sinalando e diferenciando lexemas e morfemas.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Enumerar correctamente o nome dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais características e funcións que realizan dentro da oración.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Utilizar adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución servíndose do dicionario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Realizar diálogos sinxelos como presentación e saúdos atendendo á correcta pronuncia en latín	TI	20
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer oralmente un tema elixido polo alumnado, ben individual ou en parellas, que trata de aspectos relacionados coa lingua ou cultura romana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.</li> <li>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.</li> <li>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.</li> <li>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- etc.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.</li> <li>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A historia de Roma	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Distinguir as etapas da historia de Roma e explicar os seus trazos esenciais	PE	80
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Coñecer o significado dalgunhas locucións latinas de uso actual e saber empregalas		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Identificar a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Recoñecer e analizar as características da primeira e segunda declinación latina, así como os tempos de presente das diferentes conxugacións e o auxiliar SUM.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Utilizar adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución servíndose do dicionario.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Identificar diferentes produtos artísticos inspirados na cultura clásica.	TI	20
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Comprender diferentes textos relacionados coa historia de Roma		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos e redactar textos sinxelos de maneira clara, coherente e ordenada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.</li> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.</li> <li>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.</li> <li>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.</li> <li>- Estructuras oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> <li>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Hispania, unha provincia romana	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Identificar a presenza da lingua latina na actualidade e, en especial, na publicidade.	PE	80
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Coñecer o significado e o emprego de latinismos na lingua actual.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Recoñecer e analizar as características da segunda declinación neutra latina, dos adxectivos de 3 terminacións e dos tempos de futuro e imperfecto das distintas formas verbais		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Utilizar adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución servíndose do dicionario.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en lingua latina pequenas frases escritas na lingua propia.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Distinguir as fases da conquista da Hispania e o proceso de romanización da península.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos e redactar textos sinxelos de maneira clara, coherente e ordenada.	TI	20
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Exposición oral dun tema elixido polo alumnado, ben individual ou en parellas, que trata de aspectos relacionados coa lingua ou cultura romana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.</li> <li>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.</li> <li>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.</li> <li>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.</li> <li>- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.</li> <li>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Mitos para entender o mundo	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Identificar costumes, tradicións e modos de vida clásicos presentes na sociedade actual	PE	80
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer as ideas principais e secundarias de textos de carácter mitolóxico		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Recoñecer o uso dos principais prefixos e sufixos de orixe latina.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Recoñecer e analizar as características xerais da 3ª declinación e dos usos e funcións das preposicións en latín.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Utilizar adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución servíndose do dicionario.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en lingua latina pequenas frases escritas na lingua propia.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar diferentes manifestacións artísticas de orixe clásica	TI	20
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar un mito clásico e relacionalo con outras manifestacións artísticas ao longo da historia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.</li> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.</li> <li>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> </ul>

## Contidos

- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estructuras oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
5	A sociedade romana	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Describe a organización da sociedade romana, comparándoa coa actual.	PE	80
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Recoñecer os significados de diferentes latinismos e empregalos correctamente		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar aspectos da 3ª declinación (parisílabos e imparisílabos), neutros da 3ª e os tempos de perfecto das formas verbais		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Utilizar adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución servíndose do dicionario.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en lingua latina pequenas frases escritas na lingua propia.		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar oralmente diferentes obras literarias ou doutra índole relacionadas co mundo clásico		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Comprender diferentes textos relacionados cos costumes e modos de vida romanos		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos e redactar textos sinxelos de maneira clara, coherente e ordenada	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.</li> <li>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.</li> <li>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.</li> <li>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Os romanos, grandes enxeñeiros	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Identificar diferentes produtos artísticos presentes na actualidade de diferentes disciplinas inspirados na Antigüidade Clásica.	PE	80
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Comprender diferentes textos relacionados coa educación, ocio ou relixión en Roma.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar aspectos dos adxectivos da 3ª declinación, introdución á 4ª e 5ª declinación e repaso xeral das cuestións de morfoloxía latina impartidas.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Utilizar adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución servíndose do dicionario.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en lingua latina pequenas frases escritas na lingua propia.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as principais obra de arquitectura romana que perduran na actualidade e as súas características.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de diferentes produtos culturais actuais inspirados na cultura romana.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Exposición oral dun tema elixido polo alumnado, ben individual ou en parellas, que trata de aspectos relacionados coa lingua ou cultura romana.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.</li> <li>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.</li> <li>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.</li> <li>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.</li> <li>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> </ul>



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de latín é unha novidade para todo o alumnado, agás aquel que no ano anterior cursase a materia de Cultura Clásica e teña adquiridos algúns conceptos e contidos sobre o mundo clásico. Por este motivo comezamos partindo do que xa sabe o alumnado para así aplicar os seus coñecementos, reflexionando sobre o galego e o castelán, extraendo por dedución, e na medida do posible, o vocabulario e a gramática. Ao mesmo tempo, a metodoloxía deberá ser integradora (incluíndose contidos lingüísticos, léxicos e culturais que corresponden aos diferentes bloques temáticos para que o alumno teña unha visión xeral do mundo romano), activa e participativa (provocando o interese do grupo), flexible (adaptándose á diversidade) e gradual, de forma que os coñecementos e o vocabulario irán aparecendo pouco a pouco, e sempre do máis sinxelo ao máis complexo.

O curso está estruturado en seis unidades didácticas onde se combinan en todas elas contidos lingüísticos e histórico-culturais. Cada dúas unidades, incluídas en cada un dos trimestres, os alumnos realizarán pola súa conta traballos de investigación sobre algún contido cultural proposto polo profesor (mitoloxía, aspectos da vida romana, arquitectura, gastronomía, evolución de palabras) que poderán realizarse por parellas ou individualmente.

Os textos serán o punto de partida en moitas ocasións para unha ampla reflexión acerca do significado do fenómeno cultural romano e a súa pegada no mundo actual. A análise e a tradución de textos e fraseoloxía latinos serán as actividades máis comúns, tentando facer unha exhaustiva comparación co sistema galego e castelán. A lectura sucesiva de textos e diálogos extraídos de distintos manuais servirá para abordar a aprendizaxe do léxico básico en latín.

Recomendarase, aínda que non será obrigatoria, a lectura dunha obra literaria clásica (adaptación ou versión escolar) ou cuxa temática e ambientación estea relacionada co mundo romano

Os temas de cultura servirán de marco comparativo entre o pasado e o presente, e de fío introdutor dos temas transversais que imos tratar ao longo do curso. Trataremos de que valoren hábitos de puntualidade, respecto, tolerancia e compañeirismo.

Empregaranse as ferramentas TIC e a biblioteca escolar como un recurso imprescindible.

No estudo do léxico e a etimoloxía incidirase especialmente na evolución de palabras latinas, prefixos e sufixos que teñen incidencia noutras materias.

Alternaranse a expresión oral e escrita dependendo do tipo de actividade e prestaráselle especial atención á lectura correcta e á sintaxe oracional.

Pero ademais, ao ser o latín unha materia que combina o coñecemento da cultura latina e a aprendizaxe do latín en si; esta última cuestión será traballada nas diferentes unidades exercitándose mediante tres tipos de exercicios:

a) Para a aprendizaxe do vocabulario.

b) Para a asimilación das estruturas gramaticais e das regras morfosintácticas previamente estudadas.

c) Para a verificación da comprensión.

Realizaranse unha ampla gama de tarefas encamiñadas a afianzar os contidos teóricos estudados en cada unidade. Ditas actividades e exercicios divídense nos seguintes apartados:

1. Exercicios previos para comprender mellor o latín, aproveitando os coñecementos xa adquiridos noutras linguas e materias.
2. Exercicios prácticos variados e moi numerosos para exercitar os contidos.
3. Actividades de repaso e reflexión en cada unidade para poder asentar os coñecementos.

Finalmente acrecéntase no Eva-edixgal un espazo final de repaso e tamén para a consolidación dos conceptos gramaticais estudados. Aínda que o método de ensino de latín que se recomenda para 4º de ESO incide na aprendizaxe activa e intuitiva da lingua, o alumnado ten que dominar unha serie de conceptos teóricos morfo-sintácticos que deben ser repasados, unificados e consolidados: tipos de palabras e as súas funcións, concepto de categoría gramatical, declinación e caso, paradigmas verbais.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Eva-edixgal
Material complementario en papel como reforzo ou ampliación de elaboración propia ou achegado polo profesor
Libros de lectura voluntaria. Selección de obras variadas relacionadas co mundo clásico
Recursos web variados: blogs educativos e páxinas de internet (arsdocendi, culturaclásica.es, almacendeclásicas, didacterion, liveworksheets )
Manuais de diferentes tipoloxías (Familia Romana, de H. H. Orberg, Via Latina. De lingua et vita Romanorum, Forum. Lectiones Latinitatis Vivae) para exercicios
Referido aos medios materiais dos que dispomos na aula están: computadores persoais para cada un dos alumnos/as, pantalla dixital e encerado.

Ao non empregar libro de texto algún, a plataforma eva-edixgal é o lugar de referencia onde se atopa toda a información teórica, os exercicios prácticos para a aprendizaxe e a consolidación dos contidos impartidos, o calendario coas entregas das tarefas obrigatorias e as ligazóns e vídeos complemento aos arquivos de texto . Todo isto está estruturado e dividido entre as seis unidades didácticas que compoñen o curso, máis un espazo de repaso e consolidación final para aquel alumnado que desexa afondar ou ben que teña que afianzar algunha parte.

Paralelamente tamén se fornecerá ao alumnado dun caderno trimestral en papel para traballar as cuestións gramaticais impartidas con múltiples exercicios para a práctica e a consolidación do estudado. Os textos e as pequenas traducións, que inclúen o vocabulario necesario, tamén se facilitarán en papel.

O alumnado debe estar afeito a traballar con programas e/ou aplicacións ofimáticas que lle permitan, por exemplo, elaborar presentacións.

Como prolongación e apoio ás unidades didácticas integradas, o alumnado realizará de

xeito voluntario a lectura dunha obra relacionada coa tradición grecolatina durante o curso. Aínda que a listaxe pode sufrir modificacións, estes serían os libros recomendados:

1. Guárdate de los Idus. Lola Gándara. Ed SM
2. Cuéntame un mito. Goñi, Carlos
3. Una de romanos Goñi, Carlos (ler capítulos relacionados coa fundación de Roma, a Monarquía e o Imperio. Deste libro existen actividades colgadas en Internet que poden ser realizadas polo noso alumnado)
4. En busca de una patria. Historia de la Eneida. Penelope Lively. Clásicos adaptados. Vicens- Vives.

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta que o alumnado ou, cando menos parte de el, puido ter cursado Cultura Clásica en 3º de ESO.

O primeiro que convén explorar e coñecer son as actitudes do alumnado fronte á materia e os grandes temas que poden tratarse desde un punto de vista disciplinar. O coñecemento destas actitudes proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a "motivación por aprender".

En segundo lugar, interesa coñecer as capacidades de alumnos e alumnas en relación aos procedementos. Interesará coñecer o desenvolvemento de capacidades xerais (lectura, escritura, identificación ou análise).

Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

- a) Coñecer aquel alumnado que cursou en 3º ESO Cultura Clásica ou que a está a cursar en 4º de ESO
- b) Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (en colaboración co Departamento de Orientación).
- c) Coñecer cales son as motivacións que levaron ao

alumnado a escoller a materia de Latín.

d) Descubrir o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos elaborárase un test ou proba escrita que o alumnado deberá completar na primeira sesión. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

Ademais farase unha enquisa ao alumnado de índole persoal para descubrir o seu grao de implicación, curiosidade e intereses respecto ao latín. Saber cales son o seus obxectivos, gustos e motivacións que os levaron á elección desta materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>18</b>	<b>17</b>	<b>18</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación desta materia segue os principios da avaliación continua e levarase a cabo do seguinte xeito:

- Avaliación progresiva baseada na realización de exercicios prácticos, diálogos entre alumno e profesor, traballo persoal, exposicións orais e actitude.
- Avaliación final, comprobando o grao de asimilación e

consecución dos obxectivos. Con ela comprobaremos se a asimilación dos contidos é gradual e progresiva.

Ademais, para levar un control periódico do proceso de ensino-aprendizaxe e do grao de adquisición competencial, realizaranse polo menos dúas probas obxectivas escritas por trimestre. Estas probas deberán contemplar os apartados propios da materia en cuarto curso da ESO e constarán de diferentes exercicios prácticos de morfoloxía e sintaxe, teoría gramatical latina e de tradución, onde o alumno demostre a asimilación dos contidos estudados na clase.

Para aqueles contidos relacionados coa historia, cultura e civilización romana (vida cotiá, arte, mitoloxía, vestimenta, costumes etc.), existe a posibilidade de seren avaliados mediante traballos monográficos ou mediante exames en papel de resposta breve ou mediante cuestionarios empregando a plataforma Eva-edixgal (con preguntas de resposta breve, escollo múltiple ou verdadeiro-falso).

O alumnado, coa guía do profesor, realizará en cada trimestre un traballo temático ben individual ou en pequenos grupos que deberá expoñer de maneira oral e empregando as TIC.

Os traballos versarán sobre algún aspecto da historia, a mitoloxía, as artes, a gastronomía, a evolución de palabras, o latín e a publicidade, ou ben a análise dalgunhas das lecturas recomendadas. Durante a exposición o alumnado coidará tanto a presentación como a ortografía, a expresión e a organización e tratamento da información. Terán que ser entregados dentro do prazo

que se marque ou no caso contrario consideraranse como non realizados.

Haberá tamén unha observación sistemática do traballo persoal e de grupo no desenvolvemento e finalización de tarefas. Utilizarase ademais como instrumento de avaliación a realización na casa e/ou na clase dos exercicios propostos no caderno trimestral que deberán completar e os textos de análise e tradución.

A nota final de cada trimestre resultará da suma dos diferentes instrumentos de avaliación utilizados segundo a porcentaxe que segue:

- Probas escritas con contidos de índole lingüístico-gramatical: 70%
- Probas escritas ou cuestionarios virtuais relacionadas cos contidos teórico-culturais: 10%
- Traballo temático por trimestre ou lecturas: 10%
- Traballo persoal trimestral, caderno de traballo e traducións: 10%

A avaliación continua implica que se ao final do curso o alumno/a demostra que domina os mínimos esixidos no ámbito da lingua latina supera a materia.

A cualificación final determinarase ao calcular a media das tres avaliacións, computando a primeira avaliación o 30%, a segunda avaliación o 35% e a terceira avaliación o 35% e teranse en conta as medias reais en cada unha das tres avaliacións.

Outros aspectos:

O alumno deberá respectar os días fixados para realizar aqueles exames presenciais ou os prazos asignados para a

entrega de traballos e a realización dos cuestionarios da aula virtual. De non presentarse ou non facer as entregas requiridas no tempo debido necesitará a xustificación escrita da falta.

#### **Criterios de recuperación:**

A avaliación desta materia responde ao principio de avaliación continua polo que non se realizarán probas específicas de recuperación ao longo do curso.

Para aquel alumnado que non acadase a nota mínima para superar a materia faranse clases de repaso dos contidos vistos para a preparación dunha proba final escrita de carácter global dos contidos lingüístico-gramaticais, sendo similar ás realizadas durante o curso. O alumnado que superase este exame, acadando unha nota igual ou superior a cinco, terá aprobada a materia.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

A intervención educativa deberá adaptarse á persoa, recoñecendo as súas potencialidades e necesidades específicas. Desde esta perspectiva, velarase polo respecto ás necesidades do alumnado, aos seus intereses, motivacións e aspiracións co fin de que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como o máximo grao de logro dos obxectivos e competencias.

Nun grupo heteroxéneo de alumnos non todos parten dos mesmos coñecementos nin presentan as mesmas capacidades nin inquiredanzas. Mediante a proba de avaliación inicial que realizaremos a principio de curso e tras observar o progreso individual do alumnado durante as primeiras semanas de clase, tentaremos detectar os posibles casos en que se necesite de apoio ou de compensación educativa.

Entre as medidas de atención á diversidade que se poden

levar a cabo dentro da aula estableceremos as seguintes:

- Emprego de tempos diferenciados e máis flexibles para a realización das tarefas
- Uso de materiais de apoio e recursos didácticos máis motivadores
- Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e aprendizaxe entre iguais
- Adaptación dos instrumentos de avaliación
- Repetición de tarefas

Para aquel alumnado máis avantaxado proporanse actividades voluntarias que serán do mesmo tipo que as xerais pero algo máis complexas.

#### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual		X		X		X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico		X		X		X
ET.7 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:



Tanto para a expresión oral e escrita e mais a comprensión lectora, os obxectivos básicos que se perseguen son: desenvolver a competencia lectora, educar no uso crítico da información e fomentar o hábito lector.

Nas clases procuraremos que todo o alumnado lea e declame textos para mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita, percatándose das particularidades fonéticas e da prosodia latina.

No desenvolvemento das unidades didácticas o alumnado deberá utilizar as TIC para procurar información e realizar traballos de investigación e presentacións multimedia, fomentando asemade a creatividade e utilizando diferentes aplicacións informáticas .

O emprendemento foméntase a través da cooperación nos traballos, demostrando iniciativa e innovación e estratexias de planificación, organización e xestión das tarefas .

O fomento do espírito crítico e da educación emocional e valores está presente coa aprendizaxe na prevención e resolución pacífica de conflitos, así como dos valores que sustentan a liberdade e a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, ás persoas con discapacidade, a pluralidade e o respecto ao estado de dereito. Daremos, por último, unha importancia capital á prevención dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao teatro	Visionado dunha obra clásica dentro do XXIII Festival de teatro grecolatino ou dun autor actual		X	
Plan Proxecta	Creación de actividades para o programa Donas de si		X	X
Visita á Domus do Mitreo e muralla de Lugo	Roteiro pola cidade de Lugo para visitar aos diferentes vestixios romanos		X	
Visita a un castro ou restos prerromanos	Coñecer a necrópole e castro de A Lanzada			X
Visita ao Museo de Pontevedra	Visita guiada pola colección De galaicos a romanos		X	
Participación na Semana Cultural	Creación de actividades preparadas polo alumnado de Latín e de Cultura Clásica: exposicións de traballos e obradoiros cuxa temática está aínda por determinar.			X

### Observacións:

Prepararanse, na medida do posible, en coordinación con outros departamentos, principalmente de Xeografía e Historia ou Lingua Galega e Castelá, que puidesen estar interesados.

A realización destas actividades dependerá tanto do desenvolvemento da programación e da propia organización das actividades do centro, como da cantidade do alumnado participante.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O desenvolvemento da programación foi acorde á temporización inicial
O deseño das unidades didácticas foi o axeitado
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.

Metodoloxía empregada
Aplicouse a metodoloxía, os materiais e os recursos didácticos programados
Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia
Deseñáronse actividades motivadoras e atractivas para o fomento da creatividade do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes de reforzo educativo
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse empatía ante os seus problemas e as súas diferenzas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos.
Outros
Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares programadas e desenvolvéronse progresivamente os temas transversais

**Descrición:**

Unha vez rematado cada trimestre e a avaliación do alumnado, avaliaranse os resultados obtidos. Para avaliar este proceso de ensino e a práctica docente, así como a propia programación empregaremos os indicadores de logro antes descritos. Esta análise producirá, se for preciso, modificacións na programación para os seguintes trimestres.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Realizaremos a revisión da programación didáctica da seguinte maneira:

No principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos

para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nos informes trimestrais do departamento incluírase un punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se están sendo impartidos os contidos programados e se a temporización é a adecuada.

Cada trimestre, despois de coñecermos os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas.

Revisarase se a metodoloxía é eficaz para acadar os obxectivos e se nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados é necesario introducir algunha modificación, atendendo especialmente ao alumnado con maiores dificultades.

No seguimento da programación axustarase todo aquilo que sexa necesario facendo os cambios pertinentes.

Ao final de curso, avaliaremos a programación didáctica, tendo en conta o grao de cumprimento da propia programación, valorando a temporización da mesma, a distribución dos contidos nas unidades didácticas e os resultados das avaliacións finais ordinarias do alumnado.

Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a programación didáctica do vindeiro curso.

Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, sen descoidar aquelas cuestións que

presentan maiores carencias ou dificultades entre o alumnado.

O resultado desta avaliación reflectirase na memoria final de curso do departamento.

## **9. Outros apartados**